

O primeiro volume das memorias eróticas do Marqués de Bradomín, nunha cuidada edición facsimilar

Alvarellos Editora publica unha rigorosa edición facsimilar da *Sonata de Otoño* de Valle-Inclán, reprodución fiel da última edición revisada polo autor en 1933. O biógrafo e neto de Valle, Joaquín del Valle-Inclán Alsina, analiza no prólogo a faceta de editor e deseñador do seu avó.



FICHA TÉCNICA: 268 pp. 13 x 18 cms. ISBN 978-84-18567-92-6. PAPEL FSC. PVP: 22,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA DE 2026.- Invitamos a lectores e lectoras a desfrutar dun gran clásico, **cume da prosa modernista española**. A *Sonata de otoño* é a primeira das catro xeniais novelas que Valle-Inclán (Vilanova de Arousa, 1866 - Santiago de Compostela, 1936) consagrou ao seu **inesquecible marqués, aquel «feo, católico y sentimental»**. Son realmente unhas memorias eróticas dunha personaxe que, desde hai máis dun século, quedou para sempre na historia da nosa literatura.

A *Sonata de otoño* apareceu por vez primeira en 1902, pero a última edición revisada polo autor sería a publicada na primavera de 1933 e auspiciada pola República. E esta é a que rescatamos para a nosa especial «Biblioteca facsimilar Valle-Inclán».

Coma nos anteriores volumes publicados por nós –*La lámpara maravillosa, Flor de santidad e Jardín umbrío*–, a **reproducción é fiel ao orixinal**, pois falamos dunha rigorosa edición facsimilar. O noso propósito é que as persoas lectoras poidan sentir hoxe, directamente, a experiencia de ter nas súas mans exactamente

o «mesmo» exemplar que no seu día concibiu Valle-Inclán. Afirmamos «concibiu» e deberiamos dicir incluso editou, xa que, como veremos na introdución do seu biógrafo, estudioso e neto, **Joaquín del Valle-Inclán Alsina**, Valle foi tamén o editor das súas propias obras.

Gocemos dun relato único, xunto cun deseño e composición de páxina verdadeiramente espectaculares, e viaxemos, con todo este equipaxe, a esa Galicia fría e chuviosa, habitual refuxio creativo do autor. Porque, nun vello pazo galaico, agoniza unha muller...

